

Concesión dunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o cofinanciamento do proxecto de "Implantación da plataforma de administración electrónica AL SIGM no Concello de Cambre"

Con data 11 de outubro de 2013, o Concello de Cambre formalizou coa empresa "Informática El Corte Inglés, S.A." o contrato para a prestación do servizo de "Implantación da plataforma de administración electrónica AL SIGM no Concello de Cambre", por un importe de 105.391,00 euros (IVE incluído). A dita formalización foi publicada no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 201, do 22 de outubro de 2013, así como no Perfil do Contratante do Concello de Cambre.

Con data 22 de decembro de 2015 publicouse no *Boletín Oficial do Estado* núm. 305, a Resolución do 21 de decembro de 2015, da Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, pola que se concede unha axuda ao Concello de Cambre por importe de 53.599,24 euros, para o citado proxecto, isto ao abeiro da Orde HAP/1700/2015, do 3 de agosto, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se aproban as bases e convocatoria 2015 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar actuacións de administración electrónica e de cidadáns en rede, durante o período de intervención 2007-2013, publicada no BOE núm. 191, do 11 de agosto de 2015.

O que se fai constar para xeral coñecemento e co fin de dar cumprimento aos requisitos en materia de información e publicidade fixados nas bases da convocatoria efectuada mediante a Orde HAP/1700/2015 de referencia.

O alcalde

Óscar A. García Patiño